

Teatro de fume

Ruth Galego

Se botaba a vista atrás, podía ver cunha mestura de ledicia e amarga saudade que a maior parte da súa vida sacudíase no monótono vaivén dun vagón de tren, da man dun pai ao que lle perseguía incansablemente a pantasma do desemprego. Ollou tódalas paisaxes imaxinables pasar correndo polo cristal daquela ventá que nunca era igual, pero pola que deixaban ás costas os mesmos quilómetros infindos apurados a toda a velocidade que lles permitía a caldeira, nunha carreira desesperada por atopar un fogar definitivo que só chegou cando non quedaron trens para coller.

Fora así coma el crecera, en consonancia co ritmo do ferrocarril coma unha fera que medra para ser un co seu hábitat. Onde non houbo mestre que lle aprendera o abecé, estiveron aquelas bestas de ferro que logo comezou a distinguir nada máis asomaban as súas bocas fumeantes pola estación, aterrorizando aos pasaxeiros con devorar a plataforma. Podía calcular sen conta ningunha se o traxecto duraría unhas horas ou xornadas enteiras con só botar unha ollada rápida á carga que arrastraban. Os que máis chamaban a atención eran os grandes vagóns descubertos que se empregaban para o transporte de minerais. Non tardou un decatarse de que aquelas cargas tiñan a obstinada tendencia a loitar contra o avance das vellas locomotoras, na súa maioría aínda de carbón, e sometelas a unha marcha insufriblemente lenta que sumía aos viaxeiros nun tedio interminable e facía bufar de descontento ao seu pai mentres trataba inutilmente de acomodar o corpo nos infames asentos de madeira. E por iso mesmo, aqueles vagóns convertéronse axiña nos seus preferidos.

Aquelas horas de apatía xeral eran a ocasión perfecta para desembarazarse da estrita vixilancia paterna e deambular ao seu gusto sen a necesidade de esquivar os enxames

zoantes que se formaban nos traxectos curtos, onde todo o mundo tiña présa por subir, présa por baixar e présa por quitar do medio a un cativo curioso con xesto desdeñoso, tal vez pensando que a súa impaciencia adiantaría a hora de chegada á estación.

Aquel outro tipo de viaxes tiña a maxia de despexar os corredores centrais dos vagóns exclusivamente para el, permitíndolle deslizarse entre ringleiras de pasaxeiros adurmiñados polo aburrimiento e o vaivén da máquina. Deslizaba o seu corpo pequeno baixo os bancos para acceder a unhas poucas moedas empoadas ca mesma tensión ca que se introduciría na cova dun dragón a roubar un dos seus tesouros. Escalaba as bancas de ferro fundido que sobresaían dos respaldos ata os baldóns libres de maletas para tombarse alí, o peito comprimido entre as táboas e o teito, a vixiar dende o seu novo niño coma a caricatura diminuta dun ser omnisciente. E se tiña a sorte de que seu pai sucumbira tamén ao abalo dos brazos daquel Morfeo tan pouco convencional, abríaselle ante os ollos un apetecible abano de posibilidades.

Unha aventura que comezaba con lategazo que subía dende o estómago ata a gorxa para logo baixar á punta das dedas dos pés co cambio de vagóns. Un salto de fe no que a única barreira entre o éxito e caer arrolando nas vías era a súa propia forza e a confianza cega en que o tren seguise un tramo recto. Cando os pés tocaban o novo chan, o tempo comezaba a correr na súa contra. Lanzábao nunha atoleirada persecución de si mesmo, na que percorría coma un lóstrego os corredores flanqueados por inmóbiles estatuas que espertaban dun chimpo no momento que pasaba canda eles. Mentiría se dixera que no fondo non se sentía culpable, pero aquela incomodidade era pasaxeira e quedaba ás súas costas como as figuras sobresaltadas. Todo carecía de importancia fronte ás súas pisadas que semellaban sacudir o chan baixo as solas desgastadas. Ningún remorso ou ollada de reproche podía compararse co instante de gloria heroica no que sentía coma se saltase

do lombo dunha besta desbocada a outra no medio dun río de cores demasiado veloces como para percibilas e ventos furiosos que lle cortaban o rostro.

Chegar ata a fin dos vagóns de pasaxeiros cos músculos adoecidos e o corazón batendo na gorxa era o segundo lategazo que o forzaba a dar media volta e percorrer o mesmo camiño á inversa. Entón tentaba ignorar o lume dos pulmóns e rezaba porque seu pai no espertara aínda. Se a súa súplica non era escoitada agardaríalle unha puñada furibunda alí onde antes deixara un home durmido.

Mais se a sorte decidía favorecelo, sentaría no seu sitio a recobrar o alento coma se nada pasara. Sorriría con infantil inocencia e mesmo simularía uns ademáns cansos para cubrir cun disfrace de fastío o gozo segredo que lle producía saberse vitorioso na súa pequena falcatruada. Neses momentos parecíalle escoitar entre os sons rítmicos da máquina distante unha gargallada xorda e profunda, tan grave que traspasaba o plano do son para converterse nunha amable reverberación que lle sacudía o corpo suavemente. O tren que era escenario e única testemuña fiel das súas escapadas mostráballe durante uns instantes a súa complicidade. Un mesmo espírito familiar que o acompañaría por diferentes vías ardendo no corazón de diferentes caldeiras e velaría polos seus pasos vacilantes cara unha madurez intermitente.

Un corpo demasiado adulto substituíu paulatinamente ao cativo que cabía nos baldóns da equipaxe, en permanente asedio dunha nenez que se refuxiaba naquelas derradeiras formas suaves, tentando desesperadamente facerse forte nuns bastións que cada día disonaban máis co conxunto. E véndose o neno agonizante naquel novo traxe contra o que loitaba, un máis forte, áxil e atractivo, resolveuse tomar control del para dar a luz a un ser novo. Unha criatura que inconscientemente se revelaba coma un paxaro de cores

rechamantes destinado e decidido a captar a atención, a moverse entre as miradas curiosas de estraños encollidos nos seus asentos cunha soltura que rozaba a presunción.

Sabíase indíxena daquel elemento no que eles só podían desexar camiñar sen que os repentinos cambios de raís os arrastrara coma bonecos de trapo. Adoraba a sensación de ser o animal de circo que tiña aos espectadores dentro da súa gaiola. Demostrarlles que, independentemente do maquinista que dirixira o tren ou da compañía que gravara o seu nome no aceiro da locomotora, era el, con esa fachenda que dá o saberse no apoxeo da vida, o verdadeiro dono do ferrocarril. Aquela enerxía arrogante irradiaba del coma dunha estrela, irritante na consciencia da súa propia fermosura, pero non por iso menos encantadora.

Os demais cativos observábano, divertidos pola insolencia ca que entraba nos vagóns, alborotaba o curral nun instante e saía pola porta grande ca mesma despreocupación ca que entrara. Entón as nais cravábanlle na costas o seu ollar acusador, indignadas por aquela demostración aberta de total irreverencia, e animaban con disimulados toques de atención ás súas fillas a secundalas virando o rostro desdeñosas cara o outro lado. Mais non sería a primeira a que se deslizara silenciosamente do asento baixo o amparo do soño, sempre cómplice, que lle desplexaba o camiño ata a porta do vagón. Nunca a carreira desafiando ao baleiro fora máis lenta, pero tampouco o premio fora máis gratificante.

Baixar na estación pasara dun hábito repetitivo a resultar un golpe de realidade directo na caluga. Pisaba a terra firme ca inestabilidade dun ciclista que tras horas de goce nos pedais esquecera como usar as pernas. Sentíase orfo, falto dunha potencia a que se acostumara con facilidade pero que sempre escapaba demasiado pronto sen que os vagóns de carbón puideran axudalo. Restáballe entón agardar en silencio en non con

pouca vergoña de si mesmo á noite na que seu pai volvera á casa cas palabras do despido zumbándolle nos oídos e sentindo xa o peso das maletas tirándolle dos brazos. Para cando o seu fillo nin sequera dicía nada: tras tantos anos xa non quedaba nada que engadir. Chegaba con ver aqueles ollos regresar cada vez un pouco máis apagados do que estiveran ao marchar, coma unha vella lámpada que ameazaba con fundirse en calquera momento.

E nel, conforme a bombilla dentro do seu pai ía perdendo forzas, aniñou no seu peito un novo inquilino, a sombra dunha guerra fría que eclipsou as estrondosas batallas residuais da adolescencia. Viuse así inmerso nunha guerrilla contra un inimigo invisible que lle quitaba o sono pola noite, para que escoitara atentamente cánto mais tranquilos soaban os ronquidos do pai cando a máquina que el adoraba non tremía baixo os seus pés. E sabotaba os seus soños diúrnos para que vira con claridade cómo a esperanza de botar raíces semellaba rexuvenecer aquela figura miserable que anticipaba as súas anheladas viaxes.

Tentou loitar contra esa sombra que o corroía ca culpa, mais esta semellaba coñecer o terreo mellor que el mesmo e continuaba tendéndolle emboscadas, na persecución incansable dun obxectivo que só comprendeu cando saltou por derradeira vez.

Fora un acto desesperado, procurando calquera signo que lle indicara que aquel seguía a ser o seu sitio, que el seguía sendo o rei improvisado naquela compañía de teatro, que aínda tiña de que sentirse orgulloso e o reafirmase no seu papel ate a próxima actuación. Mais non chegou a despegar os pés do chan.

Invadiuno o medo, un pánico súbito que lle xeaba o rostro dende dentro, alleo ao vento entolecido que producía ao seu paso a besta negra que o levaba. Xa non había gargallada amiga, non había vida naquel ferro fundido que se arrastraba polo camiño

que deixaron outros coma el: un instrumento, unha forma rápida e barata de transportar ao único gando que debía pagar billete.

Baixou á plataforma o primeiro, coma se a caldeira, aínda que lonxe del, lle estivera ardendo baixo os pés. Agachou a maleta no recuncho máis escura da nova casa, deixando nela o disface de rei que xa lle era pequeno, para enfundarse nun mono azul a xogo co do pai. Por primeira vez na historia, a bandeira de rendición non era branca e foi alzada por un neno que marchou sen despedirse nin levar a súa equipaxe.

E anos despois, cando o pai morreu ca felicidade de poder chamar seu un topónimo, alí seguía. Vella, cuberta de po e maltratada polas humidades, saíra do seu agocho timidamente, como desculpándose pola presión que exercían sobre ela esas catro paredes que cada día eran un pouco máis pequenas e ameazaban con estrangular ao seu único ocupante. E el colleuna.

Foi instintivo, tal vez nun momento de debilidade impulsado pola crecente sensación de asfixia nas sombras da segunda cadeira baldeira, do mono que xa perdera a cor, da lámpada afundida que non se atrevía a cambiar. Quizás fora calquera deses cousas, todas elas xuntas ou ningunha as que o arrastraron, sentindo o peso grave, familiar da maleta que envellecera con el, a sentarse no banco da estación sen sequera mirar o taboleiro dos horarios, pois non tiña ningún destino real, ningunha aspiración máis alá de agardar o bramido temible de lume e maquinaria que aparecería polo horizonte.

Nin sequera se decatou de que ela chegara ata que a tivo al lado, e vela por primeira vez sentiuse coma un espellismo. Movíase pola plataforma ca calma e o equilibrio intuitivo e apreso dun mariñeiro experto que anticipa os bambeos da cuberta. O repique do seus tacóns baixos semellaba estalar co ruído dun disparo contra as vellas táboas,

somerxendo a estación cas súa ondas graves. E ela non parecía sequera decatarse da inundación que creaba ao seu paso.

Non foi ata un instante despois que observou que non tiña nada salvo o que levaba posto. Un vestido liso, simple ata case rozar o basto, e tan escuro que dende lonxe aparentaba negro, pero que se un se achegaba o suficiente, percibía que era un gris opaco, sucio, cinza enfiada.

-Onde vai vostede, señor? - a súa voz era tan rotunda e carente de sutileza como a súa vestimenta, e pese ás palabras cordiais, pareceulle detectar nelas un matiz familiar e burleiro.

-Non o sei - admitiu el, non sen sentirse un tanto avergoñado de recoñecelo en voz alta.

Ela riu, cunha reverberación xorda, estrañamente pesada nunha voz de muller que facía do aire unha caixa de resonancia, e que fixo que el se preguntara se existirían persoas cun terremoto dentro como as había con lámpadas.

-Que me di! Que clase de viaxeiro non sabe por que marcha?

-E vostede onde va? Vexo que non leva maletas – lixeiramente molesto, cambiou o rumbo da conversa nun intento de afastar del o foco de atención.

-Non é preciso. Eu vou onde as vías poidan levarme.

-Entón tampouco sabe cal é o seu destino? – lanzou a pregunta non con pouca sorna, dando a súa humillación por vingada, pero ela seguía sorrindo.

-O camiño é longo, polo que non é preciso coñecer o seu final. Só ter unha razón para emprendelo.

Interrompeunos o chifro súbito, aterrador e fachendoso da locomotora. Xirouse para vela achegarse, tan imponente como a lembraba, mentres freaba con dificultade e ningún tipo de coidado, coma se quixera probar a resistencia daquelas vías acostumadas a levantar algunha que outra faísca para aportarlle teatralidade á chegada da besta, que bufaba ansiosa por recomenzar a carreira.

Quixo despedirse da súa compañeira antes de subir ao vagón, pero ninguén lle devolveu a mirada que lanzou sobre o ombreiro antes de entrar apresuradamente, exhortado por un revisor impaciente por pechar a porta mentres sentía que a máquina volvía coller impulso. Estivo a pique de perder o equilibrio, e pensou que se acostumara demasiado a camiñar sobre chan firme. Sentíase coma un estranxeiro nun entorno no que xa non sabía moverse, e os recordos que tiña non lle bastaban para guiarse agora que o teito semellaba máis baixo, as pernas máis febles e o corredor menos recto que cando tiña vinte anos menos.

-Señor, síntoo, mais non quedan asentos libres. Terá que ir de pé ata a próxima estación ou podo axudalo a cruzar ao vagón contiguo – aínda que a voz do revisor era máis amable agora que non interfería nos seus horarios, resultaba evidente que a oferta era mera cortesía obrigada polo uniforme.

-Non, grazas, podo facelo eu só.

Ata que punto cría realmente nesa afirmación, era algo que non podía definir con seguridade se o revisor seguira preguntando, pero este, dando por feito o seu traballo, limitouse a deixalo só ante a porta que daba ao enganche.

A visión que o agardaba detrás resultoulle terrorífica: o vento tiraba caprichosamente del primeiro nunha dirección para despois volver inmediata pero imprevisiblemente sobre os seus pasos e empuxalo cara o lado contrario. O chan baixo os seus pés

semellaba a punto de quebrar cedendo en calquera momento á tensión que mantiña co vagón enfronte del, só suxeito por un único punto que lle pareceu por vez primeira unha solución infantil e precaria. Temía que un mal apoio, unha racha inoportuna ou unha curva nas vías ás súas costas deran con el no chan que pasaba un metro máis abaixo a tal velocidade que os listóns dos raís eran indistinguibles.

Tremendo, quizais polo propio movemento do tren ou quizais polo medo que o inundaba por dentro dende o estómago ata a gorxa, adiantou unha perna máis cansa, pesada e torpe que a antes estivera no seu lugar. Non houbo baleiro, nin sensación de voar por enriba do caos da maquinaria, nin emoción dunha carreira contra o reloxo autoimposta, pero de igual forma se atopou a si mesmo cos pés firmemente asentados na plataforma contraria.

Sobresaltouno un novo tremor, un que tiña moito máis fresco na memoria na forma dunha burla cargada de camaradería. O discreto terremoto da risa recorreu toda a trama de músculos férreos até o máis insignificante dos remaches, e a cheminea da locomotora recibíuno de volta tecendo unha bafarada de fume e cinza, tan opaca que escureceu o sol durante un instante. El acompañouna con gusto na súa gargallada, sen preocuparse polos pasaxeiros que puideran escoitalo nin polo vento que o despeiteaba, coma un can rebuldeiro cando o dono volve á casa.

-Espero que teñas moito camiño por diante, vella amiga, porque eu non penso volver a baixar ata entón.

Deixouse oír de novo o chifro, anunciando unha estación próxima, un cambio de acto propicio para que volvera á escena. Rematara o descanso, e el aínda tiña un papel que interpretar.

Teatro de fume

Ruth Galego

Se botaba a vista atrás, podía ver cunha mestura de ledicia e amarga saudade que a maior parte da súa vida sacudíase no monótono vaivén dun vagón de tren, da man dun pai ao que lle perseguía incansablemente a pantasma do desemprego. Ollou tódalas paisaxes imaxinables pasar correndo polo cristal daquela ventá que nunca era igual, pero pola que deixaban ás costas os mesmos quilómetros infindos apurados a toda a velocidade que lles permitía a caldeira, nunha carreira desesperada por atopar un fogar definitivo que só chegou cando non quedaron trens para coller.

Fora así coma el crecera, en consonancia co ritmo do ferrocarril coma unha fera que medra para ser un co seu hábitat. Onde non houbo mestre que lle aprendera o abecé, estiveron aquelas bestas de ferro que logo comezou a distinguir nada máis asomaban as súas bocas fumeantes pola estación, aterrorizando aos pasaxeiros con devorar a plataforma. Podía calcular sen conta ningunha se o traxecto duraría unhas horas ou xornadas enteiras con só botar unha ollada rápida á carga que arrastraban. Os que máis chamaban a atención eran os grandes vagóns descubertos que se empregaban para o transporte de minerais. Non tardou un decatarse de que aquelas cargas tiñan a obstinada tendencia a loitar contra o avance das vellas locomotoras, na súa maioría aínda de carbón, e sometelas a unha marcha insufriblemente lenta que sumía aos viaxeiros nun tedio interminable e facía bufar de descontento ao seu pai mentres trataba inutilmente de acomodar o corpo nos infames asentos de madeira. E por iso mesmo, aqueles vagóns convertéronse axiña nos seus preferidos.

Aquelas horas de apatía xeral eran a ocasión perfecta para desembarazarse da estrita vixilancia paterna e deambular ao seu gusto sen a necesidade de esquivar os enxames

zoantes que se formaban nos traxectos curtos, onde todo o mundo tiña présa por subir, présa por baixar e présa por quitar do medio a un cativo curioso con xesto desdeñoso, tal vez pensando que a súa impaciencia adiantaría a hora de chegada á estación.

Aquel outro tipo de viaxes tiña a maxia de despexar os corredores centrais dos vagóns exclusivamente para el, permitíndolle deslizarse entre ringleiras de pasaxeiros adurmiñados polo aburrimiento e o vaivén da máquina. Deslizaba o seu corpo pequeno baixo os bancos para acceder a unhas poucas moedas empoadas ca mesma tensión ca que se introduciría na cova dun dragón a roubar un dos seus tesouros. Escalaba as bancas de ferro fundido que sobresaían dos respaldos ata os baldóns libres de maletas para tombarse alí, o peito comprimido entre as táboas e o teito, a vixiar dende o seu novo niño coma a caricatura diminuta dun ser omnisciente. E se tiña a sorte de que seu pai sucumbira tamén ao abalo dos brazos daquel Morfeo tan pouco convencional, abríaselle ante os ollos un apetecible abano de posibilidades.

Unha aventura que comezaba con lategazo que subía dende o estómago ata a gorxa para logo baixar á punta das dedas dos pés co cambio de vagóns. Un salto de fe no que a única barreira entre o éxito e caer arrolando nas vías era a súa propia forza e a confianza cega en que o tren seguise un tramo recto. Cando os pés tocaban o novo chan, o tempo comezaba a correr na súa contra. Lanzábao nunha atoleirada persecución de si mesmo, na que percorría coma un lóstrego os corredores flanqueados por inmóbiles estatuas que espertaban dun chimpo no momento que pasaba canda eles. Mentiría se dixera que no fondo non se sentía culpable, pero aquela incomodidade era pasaxeira e quedaba ás súas costas como as figuras sobresaltadas. Todo carecía de importancia fronte ás súas pisadas que semellaban sacudir o chan baixo as solas desgastadas. Ningún remorso ou ollada de reproche podía compararse co instante de gloria heroica no que sentía coma se saltase

do lombo dunha besta desbocada a outra no medio dun río de cores demasiado veloces como para percibilas e ventos furiosos que lle cortaban o rostro.

Chegar ata a fin dos vagóns de pasaxeiros cos músculos adoecidos e o corazón batendo na gorxa era o segundo lategazo que o forzaba a dar media volta e percorrer o mesmo camiño á inversa. Entón tentaba ignorar o lume dos pulmóns e rezaba porque seu pai no espertara aínda. Se a súa súplica non era escoitada agardaríalle unha puñada furibunda alí onde antes deixara un home durmido.

Mais se a sorte decidía favorecelo, sentaría no seu sitio a recobrar o alento coma se nada pasara. Sorriría con infantil inocencia e mesmo simularía uns ademáns cansos para cubrir cun disfrace de fastío o gozo segredo que lle producía saberse vitorioso na súa pequena falcatruada. Neses momentos parecíalle escoitar entre os sons rítmicos da máquina distante unha gargallada xorda e profunda, tan grave que traspasaba o plano do son para converterse nunha amable reverberación que lle sacudía o corpo suavemente. O tren que era escenario e única testemuña fiel das súas escapadas mostráballe durante uns instantes a súa complicidade. Un mesmo espírito familiar que o acompañaría por diferentes vías ardendo no corazón de diferentes caldeiras e velaría polos seus pasos vacilantes cara unha madurez intermitente.

Un corpo demasiado adulto substituíu paulatinamente ao cativo que cabía nos baldóns da equipaxe, en permanente asedio dunha nenez que se refuxiaba naquelas derradeiras formas suaves, tentando desesperadamente facerse forte nuns bastións que cada día disonaban máis co conxunto. E véndose o neno agonizante naquel novo traxe contra o que loitaba, un máis forte, áxil e atractivo, resolveuse tomar control del para dar a luz a un ser novo. Unha criatura que inconscientemente se revelaba coma un paxaro de cores

rechamantes destinado e decidido a captar a atención, a moverse entre as miradas curiosas de estraños encollidos nos seus asentos cunha soltura que rozaba a presunción.

Sabíase indíxena daquel elemento no que eles só podían desexar camiñar sen que os repentinos cambios de raís os arrastrara coma bonecos de trapo. Adoraba a sensación de ser o animal de circo que tiña aos espectadores dentro da súa gaiola. Demostrarlles que, independentemente do maquinista que dirixira o tren ou da compañía que gravara o seu nome no aceiro da locomotora, era el, con esa fachenda que dá o saberse no apoxeo da vida, o verdadeiro dono do ferrocarril. Aquela enerxía arrogante irradiaba del coma dunha estrela, irritante na consciencia da súa propia fermosura, pero non por iso menos encantadora.

Os demais cativos observábano, divertidos pola insolencia ca que entraba nos vagóns, alborotaba o curral nun instante e saía pola porta grande ca mesma despreocupación ca que entrara. Entón as nais cravábanlle na costas o seu ollar acusador, indignadas por aquela demostración aberta de total irreverencia, e animaban con disimulados toques de atención ás súas fillas a secundalas virando o rostro desdeñosas cara o outro lado. Mais non sería a primeira a que se deslizara silenciosamente do asento baixo o amparo do soño, sempre cómplice, que lle despexaba o camiño ata a porta do vagón. Nunca a carreira desafiando ao baleiro fora máis lenta, pero tampouco o premio fora máis gratificante.

Baixar na estación pasara dun hábito repetitivo a resultar un golpe de realidade directo na caluga. Pisaba a terra firme ca inestabilidade dun ciclista que tras horas de goce nos pedais esquecera como usar as pernas. Sentíase orfo, falto dunha potencia a que se acostumara con facilidade pero que sempre escapaba demasiado pronto sen que os vagóns de carbón puideran axudalo. Restáballe entón agardar en silencio en non con

pouca vergoña de si mesmo á noite na que seu pai volvera á casa cas palabras do despido zumbándolle nos oídos e sentindo xa o peso das maletas tirándolle dos brazos. Para cando o seu fillo nin sequera dicía nada: tras tantos anos xa non quedaba nada que engadir. Chegaba con ver aqueles ollos regresar cada vez un pouco máis apagados do que estiveran ao marchar, coma unha vella lámpada que ameazaba con fundirse en calquera momento.

E nel, conforme a bombilla dentro do seu pai ía perdendo forzas, aniñou no seu peito un novo inquilino, a sombra dunha guerra fría que eclipsou as estrondosas batallas residuais da adolescencia. Viuse así inmerso nunha guerrilla contra un inimigo invisible que lle quitaba o sono pola noite, para que escoitara atentamente cánto mais tranquilos soaban os ronquidos do pai cando a máquina que el adoraba non tremía baixo os seus pés. E sabotaba os seus soños diúrnos para que vira con claridade cómo a esperanza de botar raíces semellaba rexuvenecer aquela figura miserable que anticipaba as súas anheladas viaxes.

Tentou loitar contra esa sombra que o corroía ca culpa, mais esta semellaba coñecer o terreo mellor que el mesmo e continuaba tendéndolle emboscadas, na persecución incansable dun obxectivo que só comprendeu cando saltou por derradeira vez.

Fora un acto desesperado, procurando calquera signo que lle indicara que aquel seguía a ser o seu sitio, que el seguía sendo o rei improvisado naquela compañía de teatro, que aínda tiña de que sentirse orgulloso e o reafirmase no seu papel ate a próxima actuación. Mais non chegou a despegar os pés do chan.

Invadiuno o medo, un pánico súbito que lle xeaba o rostro dende dentro, alleo ao vento entolecido que producía ao seu paso a besta negra que o levaba. Xa non había gargallada amiga, non había vida naquel ferro fundido que se arrastraba polo camiño

que deixaron outros coma el: un instrumento, unha forma rápida e barata de transportar ao único gando que debía pagar billete.

Baixou á plataforma o primeiro, coma se a caldeira, aínda que lonxe del, lle estivera ardendo baixo os pés. Agachou a maleta no recuncho máis escura da nova casa, deixando nela o disface de rei que xa lle era pequeno, para enfundarse nun mono azul a xogo co do pai. Por primeira vez na historia, a bandeira de rendición non era branca e foi alzada por un neno que marchou sen despedirse nin levar a súa equipaxe.

E anos despois, cando o pai morreu ca felicidade de poder chamar seu un topónimo, alí seguía. Vella, cuberta de po e maltratada polas humidades, saíra do seu agocho timidamente, como desculpándose pola presión que exercían sobre ela esas catro paredes que cada día eran un pouco máis pequenas e ameazaban con estrangular ao seu único ocupante. E el colleuna.

Foi instintivo, tal vez nun momento de debilidade impulsado pola crecente sensación de asfixia nas sombras da segunda cadeira baldeira, do mono que xa perdera a cor, da lámpada afundida que non se atrevía a cambiar. Quizás fora calquera deses cousas, todas elas xuntas ou ningunha as que o arrastraron, sentindo o peso grave, familiar da maleta que envellecera con el, a sentarse no banco da estación sen sequera mirar o taboleiro dos horarios, pois non tiña ningún destino real, ningunha aspiración máis alá de agardar o bramido temible de lume e maquinaria que aparecería polo horizonte.

Nin sequera se decatou de que ela chegara ata que a tivo al lado, e vela por primeira vez sentiuse coma un espellismo. Movíase pola plataforma ca calma e o equilibrio intuitivo e apreso dun mariñeiro experto que anticipa os bambeos da cuberta. O repique do seus tacóns baixos semellaba estalar co ruído dun disparo contra as vellas táboas,

somerxendo a estación cas súa ondas graves. E ela non parecía sequera decatarse da inundación que creaba ao seu paso.

Non foi ata un instante despois que observou que non tiña nada salvo o que levaba posto. Un vestido liso, simple ata case rozar o basto, e tan escuro que dende lonxe aparentaba negro, pero que se un se achegaba o suficiente, percibía que era un gris opaco, sucio, cinza enfiada.

-Onde vai vostede, señor? - a súa voz era tan rotunda e carente de sutileza como a súa vestimenta, e pese ás palabras cordiais, pareceulle detectar nelas un matiz familiar e burleiro.

-Non o sei - admitiu el, non sen sentirse un tanto avergoñado de recoñecelo en voz alta.

Ela riu, cunha reverberación xorda, estrañamente pesada nunha voz de muller que facía do aire unha caixa de resonancia, e que fixo que el se preguntara se existirían persoas cun terremoto dentro como as había con lámpadas.

-Que me di! Que clase de viaxeiro non sabe por que marcha?

-E vostede onde va? Vexo que non leva maletas – lixeiramente molesto, cambiou o rumbo da conversa nun intento de afastar del o foco de atención.

-Non é preciso. Eu vou onde as vías poidan levarme.

-Entón tampouco sabe cal é o seu destino? – lanzou a pregunta non con pouca sorna, dando a súa humillación por vingada, pero ela seguía sorrindo.

-O camiño é longo, polo que non é preciso coñecer o seu final. Só ter unha razón para emprendelo.

Interrompeunos o chifro súbito, aterrador e fachendoso da locomotora. Xirouse para vela achegarse, tan imponente como a lembraba, mentres freaba con dificultade e ningún tipo de coidado, coma se quixera probar a resistencia daquelas vías acostumadas a levantar algunha que outra faísca para aportarlle teatralidade á chegada da besta, que bufaba ansiosa por recomenzar a carreira.

Quixo despedirse da súa compañeira antes de subir ao vagón, pero ninguén lle devolveu a mirada que lanzou sobre o ombreiro antes de entrar apresuradamente, exhortado por un revisor impaciente por pechar a porta mentres sentía que a máquina volvía coller impulso. Estivo a pique de perder o equilibrio, e pensou que se acostumara demasiado a camiñar sobre chan firme. Sentíase coma un estranxeiro nun entorno no que xa non sabía moverse, e os recordos que tiña non lle bastaban para guiarse agora que o teito semellaba máis baixo, as pernas máis febles e o corredor menos recto que cando tiña vinte anos menos.

-Señor, síntoo, mais non quedan asentos libres. Terá que ir de pé ata a próxima estación ou podo axudalo a cruzar ao vagón contiguo – aínda que a voz do revisor era máis amable agora que non interfería nos seus horarios, resultaba evidente que a oferta era mera cortesía obrigada polo uniforme.

-Non, grazas, podo facelo eu só.

Ata que punto cría realmente nesa afirmación, era algo que non podía definir con seguridade se o revisor seguira preguntando, pero este, dando por feito o seu traballo, limitouse a deixalo só ante a porta que daba ao enganche.

A visión que o agardaba detrás resultoulle terrorífica: o vento tiraba caprichosamente del primeiro nunha dirección para despois volver inmediata pero imprevisiblemente sobre os seus pasos e empuxalo cara o lado contrario. O chan baixo os seus pés

semellaba a punto de quebrar cedendo en calquera momento á tensión que mantiña co vagón enfronte del, só suxeito por un único punto que lle pareceu por vez primeira unha solución infantil e precaria. Temía que un mal apoio, unha racha inoportuna ou unha curva nas vías ás súas costas deran con el no chan que pasaba un metro máis abaixo a tal velocidade que os listóns dos raís eran indistinguibles.

Tremendo, quizais polo propio movemento do tren ou quizais polo medo que o inundaba por dentro dende o estómago ata a gorxa, adiantou unha perna máis cansa, pesada e torpe que a antes estivera no seu lugar. Non houbo baleiro, nin sensación de voar por enriba do caos da maquinaria, nin emoción dunha carreira contra o reloxo autoimposta, pero de igual forma se atopou a si mesmo cos pés firmemente asentados na plataforma contraria.

Sobresaltouno un novo tremor, un que tiña moito máis fresco na memoria na forma dunha burla cargada de camaradería. O discreto terremoto da risa recorreu toda a trama de músculos férreos até o máis insignificante dos remaches, e a cheminea da locomotora recibíuno de volta tecendo unha bafarada de fume e cinza, tan opaca que escureceu o sol durante un instante. El acompañouna con gusto na súa gargallada, sen preocuparse polos pasaxeiros que puideran escoitalo nin polo vento que o despeiteaba, coma un can rebuldeiro cando o dono volve á casa.

-Espero que teñas moito camiño por diante, vella amiga, porque eu non penso volver a baixar ata entón.

Deixouse oír de novo o chifro, anunciando unha estación próxima, un cambio de acto propicio para que volvera á escena. Rematara o descanso, e el aínda tiña un papel que interpretar.